

Poño no seu coñecemento que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o **22 de agosto de 2014**, adoptou os seguintes acordos:

“3. GASTOS, CONTAS E FACTURAS

-Vista a proposta da Comisión de Valoración para outorgar **subvencións a asociacións sen ánimo de lucro** que desenvolvan actividades culturais para o 2014 no Concello do Grove:

“Publicadas no *BOP* Núm. 72 de 14 de abril de 2014 as bases para a concesión de subvencións en réxime de libre concorrència para as asociacións e entidades sen ánimo de lucro do Concello do Grove, recibidas as solicitudes dos interesados e unha vez valorada a documentación achegada, esta Comisión de Valoración propón á **Xunta de Goberno** o seguinte acordo:

Aprobar o reparto nominal de subvencións de acordo cos importes e para as actividades que a continuación se sinalan:

	Asociación	Actividade	Importe €	Documentación que falta
➤	A. Virxe do Carme	-Actividades do Carme e Romaría	500,00	
	A.C.M.D. Breogán	-Publicación Boletín informativo -Participación no mercado tradicional	550,00	
	A.C.A Figueira do Meco	-V Festival da Figueira do Meco	650,00	
2.	C. G. Piñeiróns	-Edición Revista Aunios, nº 19	1200,00	
	Club Náutico de San Vicente	-Exposición	600,00	
	A C. Cantodorxo	-Festivais Baile Moderno -XVII Festival Folclórico Cantodorxo	2000,00	
	A C. Roza do Pedrol	-Ciclo de Teatro -VI Romaría Festa da malla	3900,00	
	A Xubilados e Pensionistas	-2º Encontro Corais 3ª Idade	1000,00	
	C P. Boca da Ría	-Concerto de Primavera	1000,00	-Certificado Facenda autonómica -Declaración responsable entidade

A C Mecos	-XII Festival de Noites Culturais	1000,00	
C Remo Mecos	-XIII Concurso Debuxo	600,00	
Emgrobes	-Gala do comercio de EMGROBES	600,00	
A Mulleres Rurais A Lagoa	-Exposición anual de traballos -Encontro anual mulleres	500,00	-Certificado Axencia tributaria
A Amigos da Dorna Meca	➤ -Restauración embarcacións	900,00	
Asociación de Veciños Ardía	-Festa San Xoán	200,00	-Certificado Axencia tributaria
CP da Confraría de Pescadores San Martiño	-Concerto corais 1º Memorial Loli Cabanelas	2000,00	
AECC ▲	-Cultura Terapéutica	700,00	

Os pagos das cantidades faranse efectivos a partir de que os beneficiarios presenten a documentación xustificativa da realización da actividade no Rexistro Xeral do Concello e antes do 31 de decembro de 2014, de acordo co establecido nas bases da convocatoria.

Como requisito imprescindible para cobrar a subvención, as entidades, ademais da documentación xustificativa, deberán presentar a documentación que lles faltaba na solicitude e que se indica nesta táboa.”

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade, aprobar esta proposta.”